

Os socialistas piden á Xunta un plan de emerxencia para a Mariña destinado á creación e mantemento do emprego, a fixar poboación e a garantir servizos públicos básicos

Así o anunciaron Santín e Val Alonso, quen es criticaron que dende que o PP dirixe a administración autonómica, o paro aumentou nesta zona máis dun 21%, se destruíron máis de 1.000 empregos (180 por ano), se perderon 200 empresas e o censo poboacional baixou un 1%

Trátase, segundo indicaron, de conseguir que se emenden estes seis anos nos que o Goberno de Feijóo, co apoio dos alcaldes do Partido Popular, non aportou ningún elemento esperanzador para este comarca

Solicitan ao Executivo e ao Grupo Parlamentario Popular “un exercicio de responsabilidade, pois a pesares de que case estamos en período electoral e que de seguro nos virán a vender actuacións proximamente, é importante que a xente saiba cal é a realidade, e que, xa que o Goberno galego non é capaz de tomar a iniciativa, os socialistas, a través da nosa proposta, pretendemos darlle un impulso a esta zona”

FOZ, 14 DE XANEIRO DE 2015.- Os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e José Ramón Val-, acompañados do deputado provincial –Alfredo Llano-, anunciaron este mércores que pedirán no Parlamento á Xunta de Galicia un plan de emerxencia para esta zona, co fin de que se creen novos postos de traballo e garantan os existentes, se free o despoboamento demográfico e se aseguren os servizos públicos básicos.

Deste xeito, os socialistas explicaron que presentarán esta nova iniciativa porque, tal e como recoñeceu Santín, “as cifras son realmente alarmantes e escalofrantes, e fan saltar todas as alarmas da grave situación que atravesa esta comarca”. E é que, por unha banda, “non só temos máis xente desempregada –algo que de por si só xa é preocupante, a pesares de que este mes se produxo unha mínima melloría- senón que, por riba, nos estamos quedando sen xente, de aí que o Grupo do PSOE na Cámara pida responsabilidades políticas á administración con competencias na materia que, na Comunidade, non é outra que a autonómica”, indicou.

Concretamente, solicitan novas actuacións que permitan a creación de novas oportunidades laborais. E é que, mentras en abril de 2009, data na que Feijóo tomou posesión como presidente da Xunta, a Mariña tiña 3.965 desempregados, hoxe esta cifra supera os 5.000 (5.049). Isto supón que, na actualidade, a comarca conte con 1.084 mariñanos máis no paro. O mesmo acontece co número de empresas, tal e como revelou José Ramón Val. Este deputado explicou que, se se ten en conta a mesma fonte, o Instituto Galego de Estatística (IGE), se pode comprobar que, dende que o Partido Popular dirixe a administración autonómica, se perderon preto de 200 empresas, 176 concretamente, pois de 5.142 en 2009 pasouse a 4.966 en 2013 (último ano contabilizado polo IGE).

“É dicir, que Feijóo conseguiu que cada exercicio que leva dirixindo a Xunta – e leva seis- se destruisen 180 empregos por ano. Ou o que é o mesmo que, en seis anos, o paro aumentase na Mariña un 21,5%”. Por tanto, explicaron Santín e Val, “criticamos decididamente o triunfalismo económico deste Goberno que temos na Xunta, solicitándolle que incentive sectores produtivos,

como a pesca, o agro ou o turismo, xa que nos Orzamentos deste ano son totalmente obviados”.

Mantemento de servizos públicos

Asimesmo, pedirán que se manteñan os servizos públicos, pois só deste modo se porá freo ao declive poboacional que acusa esta comarca. Proba delo é que, en 2009, a Mariña contaba con 73.896 cidadáns censados e, hoxe en día, con apenas 73.330. É dicir, que a poboación desta comarca descendeu un 1% e “Feijóo tampouco fixo nada para evitalo”, subliñou o secretario Provincial.

Neste senso, a través desta iniciativa, reclaman unha mellora na calidade asistencial do Hospital e dos centros de saúde da comarca; o mantemento das infraestruturas existentes e a execución doutras comprometidas en reiteradas ocasións, e que permitirán vertebrar a comarca coas provincias e comunidades limítrofes. É o caso da VAC, citou Val Alonso, que continúa “durmindo o sono dos xustos e continuará neste estado”, pois cos seis millóns consignados pouco se pode facer, xa que a obra está cifrada en 54 millóns, 9 veces máis do que a Xunta prevé investir este ano.

Asemade, tamén solicitan a mellora dos Servizos Sociais e a atención a menores. Hai que lembrar que as contas autonómicas non contemplan ningunha aportación para as residencias da terceira idade, máis alá dunha partida para a de Foz, que nin tan sequera vai a servir para rematala neste exercicio, e as listaxes nas escolas infantís dos concellos aumentan notablemente. Con respecto a este último servizo, a Xunta tampouco inclúe ningunha actuación para este fin.

En conclusión, trátase segundo indicaron, “de conseguir que se emenden estes seis anos nos que o Goberno de Feijóo, co apoio dos alcaldes do PP, non aportou ningún elemento esperanzador para este comarca, pois todos podemos ver como ningún é capaz de alzar a voz en defensa dos seus veciños para reclamar unha mellora de todos estes servizos”. Porén, solicitan ao Executivo galego e aos representantes do Partido Popular na Cámara “un exercicio de responsabilidade, pois a pesares de que estamos en período electoral e que de seguro nos virán a vender actuacións proximamente, é importante que a xente saiba cal é a realidade, e que, xa que o Goberno galego non é capaz de tomar a iniciativa, os socialistas, a través da nosa proposta, pretendemos darlle un impulso a esta comarca”, concluíu Val Alonso.